

2

Abril

COMANDO COMADRES

da Compañía Matrioshkas Teatro



Espectáculo en clave de humor para público adolescente e adulto no que un grupo de artivistas organizadas en diferentes comandos poñen en evidencia as múltiples manifestacións da violencia patriarcal e cuestionan a persistencia dos seus valores no pensamento hexemónico actual e na xestión dexenerativa dos recursos naturais.

12**1888. SEÑORITA XULIA**

Marzo | da Compañía Estudo Momento



Adaptación do clásico de August Strindberg de 1888 a cargo de Estudo Momento


Elenco: Iria Ares e Xoán Carlos Mejuto.

A señorita Xulia decide aproveitar unha ausencia do seu pai, o Conde, para organizar unha festa secreta cos criados. Durante a velada, seduce a Xoán, criado predilecto do Conde. Os dous amantes caen nun perigoso xogo de paixón, violencia, inocencia e amor. Dúas criaturas brillantes, víctimas do condicionamento social e moral dos seus mundos, tan diferentes...

O texto de Strindberg sorprende -e atemoriza- por actual e contundente. É posibel a igualdade entre home e muller? Entre ricos e pobres? Entre rei e escravo?

**19****ALMA DE TIGRE**


Marzo | da Compañía Elefante Elegante



ALMA DE TIGRE evoca a historia dunha familia encerrada nunha casa estartalada a través de cuxas fendas vanse filtrando os segredos do pasado e dunha heranza envenenada. Os personaxes revélanse contra un mundo do que xa non poden fuxir. Unha nai autoritaria e controladora. Un pai débil e sen coraxe que deixou aos seus fillos nunha situación de desamparo. Á morte da nai, o fillo e as dúas fillas reencóntranse na casa familiar para decidir a súa venda e que facer coa heranza. Mais a casa resístese a deixalos marchar.

**26****BERNARDA**

Marzo | da Compañía Malasombra Producións



BERNARDA é unha historia próxima, comprensíbel e universal. Todos coñecemos no noso contorno a alguén como Bernarda, e todos temos uno pouco de Bernarda no noso interior, porque ese choque xeracional entre pais e fillos é unha constante universal, e dependendo de que lado esteamos vemos a realidade de forma totalmente diferente. Cando somos fillos queremos rachar coas normas que nos impoñen, e cando somos pais vémonos na obriga de ser nós os que as impoñamos, polo seu ben, e ese choque entre xeracións que conviven na mesma casa é inevitábel.